universidade de santiago de compostela

criterios de linguaxe non sexista

universidade de santiago de compostela

criterios de linguaxe non sexista

SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

OFICINA DE IGUALDADE DE XÉNERO

Autoría

Manuel Bermúdez Blanco
Alba Cid Fernández

SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ÍNDICE

0 INTRODUCIÓN

> **Un pai e o seu fillo ían no coche cando, de pronto, o pai perdeu o control do vehículo e esnafráronse contra un poste telefónico. O pai morreu no acto; o seu fillo quedou malferido e levárono ao hospital, onde se lle apreciaron lesións importantes que requirían unha urxente intervención. Foi chamado o equipo médico de garda e, cando chegou á sala de operación a examinar o rapaz oíuse unha voz: "Non podo operar este neno: é meu fillo!" (ALBERDI ALONSO, INÉS Y MARTÍNEZ TEN, LUZ. 1988.** *Guía Didáctica para una Orientación no Sexista.* **Madrid: Ministerio de Educación e Ciencia, tirado *dos Materiales didácticos para la co-educación. ¿Qué es... el lenguaje no sexista?* de 2003)**

Se tardaches uns intres en comprender esta historia probablemente necesitas seguir lendo esta guía.

A nosa proposta circunscríbese exclusivamente ao eido lingüístico e non vai considerar expresións que teñan como *problema de orixe* unha visión da sociedade desacorde coa vocación igualitaria.

Frases como

> A ministra, vestida de verde escuro *ou* A encantadora tenista
> (*cousificación da muller*)
>
> O director xeral, acompañado da alcaldesa…
> (*xerarquización por razón de sexo*)
>
> Detrás dun gran home hai unha gran muller
> (*secundarización dun dos sexos*)

van quedar, neste sentido, fóra da consideración deste documento, malia que a súa redacción transmita unha visión do mundo moi afastada da nosa.

1 POR QUE É NECESARIA A LINGUAXE NON SEXISTA?

a) Para dar **visibilidade** ao 50% da poboación, sexa cal sexa o sexo que se vexa implicado neste proceso de ocultación. É habitual de máis atoparmos textos onde determinadas profesións están ligadas invariablemente a un ou outro sexo.

> Os médicos e as enfermeiras do CHUS
> *(O persoal médico e de enfermaría do CHUS)*
>
> As señoras da limpeza da escola
> *(O persoal de limpeza da escola)*
>
> As matronas do hospital
> *(O persoal de obstetricia do hospital)*

b) Para solucionar problemas de **ambigüidade** na comunicación.

O traballador terá os seguintes dereitos…
Os homes teñen dous riles…

Expresións tan habituais como as anteriores non resultan dificultosas para a maioría de nós por termos claro o seu contido, por escolarización ou outro tipo de razóns. A maior parte da xente incluiría os dous sexos como implicados nos enunciados anteditos. Porén, nestoutros casos, o resultado pode ser diferente:

O home ten 5 litros de sangue no seu corpo
O home ten unha esperanza media de vida de 76 anos

Debemos entender que é o ser humano o que ten cinco litros de sangue? É só o individuo de sexo masculino o que ten esa cantidade de sangue? As mulleres teñen menos? Máis? A esperanza de vida dos dous sexos é a mesma? Todas estas cuestións están provocadas por un texto mal construído desde un punto de vista comunicativo. A mala redacción reside no emprego dun termo que recolle nas súas acepcións 'membro da especie humana' e ao tempo 'individuo de sexo masculino'.

2 FÓRMULAS PARA FUXIR DA LINGUAXE SEXISTA

As fórmulas que aquí se propoñen son opcións que se ofrecen para evitar, na medida do posible, a linguaxe sexista. A pesar de que o uso do masculino como xénero non marcado apareza aínda recollido como correcto desde o punto de vista gramatical (os alumnos [--> mulleres e homes] da USC van á folga), é obvio que contribúe a invisibilizar as mulleres e a súa intervención na sociedade. Hoxe tende a considerarse este uso pouco acorde coa visión das mulleres como seres con plenas capacidades e neste sentido debe ser evitado.

Para sermos consecuentes a prol da linguaxe non sexista, pode ser útil:

- tomar conciencia de que *o que dicimos* e o que *queremos dicir* poden ser ás veces cousas diferentes;
- inverter ou substituír os axentes dunha acción. Se o resultado non é simétrico, posiblemente estamos ante un acto comunicativo sexista.

2.1. Xenéricos e colectivos

É moi útil a utilización de termos xenéricos e colectivos (*políticos → clase política*) para evitar a presenza de formas marcadas xenericamente. Outras veces, ao que recorremos é a substantivos metonímicos, isto é, citamos por medio da actividade, profesión, lugar, época, cargo... en vez de escoller o substantivo masculino habitual (*director → dirección*). Malia ser esta unha boa estratexia para evitarmos recorrentes terminacións que poden acabar por

remitir mentalmente a colectivos masculinos, hai que utilizar estes termos de xeito consciente e valorar cando é realmente preciso falar de *persoas enfermas, persoas consumidoras…*

Pódese consultar unha **relación de xenéricos** e colectivos nos Anexos.

2.2 Pequenos cambios na redacción con grandes efectos

- Utilizando **determinantes inclusivos**: ao cambiar determinantes marcados xenericamente (o/a; un/unha; este/esta) por outros non marcados (cada; calquera)

  Ex: O estudante (→ *cada estudante*) terá un prazo de dous meses para formalizar a matrícula

- Mudando **hábitos de redacción** (con reestruturacións sintácticas, frases de relativo, introducidas por *que*; emprego do *se* como marca impersoal, etc)

  Ex: Os lectores desta (→ *quen le esta*) revista científica.
  Os representantes (→ *quen represente…*)
  O demandante (→ *se alguén presenta unha demanda)*
  As indemnizacións percibidas polos que a solicitaron (→ *As indemnizacións percibidas por quen as solicitou...*)
  Os solicitantes deberán adxuntar (→*Coa solicitude deberase adxuntar*)
  Os asistentes á reunión propuxeron novas accións (→*Propuxéronse novas accións na reunión*)

Coas mesmas ferramentas (as solucións non marcadas presentadas enriba *quen, cada, persoas*…), debemos de **evitar** a recorrencia a partículas como “homes”, “todos”, “un”…

Ex: É difícil que un se afaga *(→ que as persoas se afagan...)* tan ben en tan pouco tempo.
Todos temos unha opinión sobre iso *(→ Calquera de nós ten unha opinión sobre iso).*
Algún dos presentes quere abrir a quenda de preguntas? (→ *Alguén quere abrir a quenda de preguntas?*)

2.3. As dobres flexións

En substantivos con forma masculina e feminina, non temos por que desestimar a posibilidade de presentar as dúas formas. De feito, as dobres flexións poden valorarse positivamente nun texto breve, con aparicións espazadas…

As nais e pais, os xogadores e xogadoras…

2.3.1. Que elementos se ven afectados polas dobres flexións?

Polo que respecta ás dobres flexións existen solucións dispares:

a) Establecer a dobre flexión en todos os elementos da oración: *As novas alumnas interesadas e os novos alumnos interesados...*.

b) Non efectuar a dobre flexión en máis que un elemento, por economía lingüística, na procura da concisión e sinxeleza do texto: *As novas alumnas e alumnos interesados...*

Daremos preferencia a esta última opción escollendo os substantivos por considerarmos que levan a carga evocadora dos nosos enunciados. Aínda así, noutros casos pode ser preferible destacar ambos os xéneros noutras clases de palabras:

profesionais cualificados e cualificadas, as e os xornalistas…

2.3.2. Orde de presentación de ambos os xéneros na dobre flexión

a) *Os rapaces e rapazas…* manter a orde clásica masculino-feminino. É claro que esta opción implica o mantemento do *statu quo*, e xerarquiza, ao presentar como “eterno secundario”, o feminino.

b) *As nais e pais* e *autor/ra*... optar pola orde alfabética, que certos organismos consideran plausible. O defecto desta escolla é a súa falta de naturalidade aos efectos de creación dun texto.

c) *As mulleres e homes…* alterar o costume de preferencia masculina, adiantando a mención á muller. É esta unha solución que deberiamos ter en conta nos nosos hábitos de expresión.

A nosa proposta neste ámbito é optarmos por unha solución “de **alternancia**” ao longo do texto, opción aconsellable por ser igualitaria e pouco ríxida:

As traballadoras e traballadores da empresa… (e máis adiante) *os traballadores e traballadoras…*

2.3.3. Con que elementos realizaremos a concordancia?

A avoa ou avó, as traballadoras e traballadores…

Botar man da concordancia de **proximidade** parécenos o medio máis axeitado de combater o posible alongamento das secuencias:

Ex: [Para solucionar frases como]: *Os/as autores/ras interesados/das na publicación...*
[propoñemos→]: *As autoras e autores interesados na publicación...*

2.4. Barra, guión ou arroba

A recorrencia a estoutras estratexias para a representatividade de ambos os sexos presenta varios problemas. Malia a súa gran recorrencia visual, os símbolos poden non resultar recomendables en certos textos fundamentalmente narrativos.

2.4.1. A barra

Alumna/no

Símbolo presente na lingua para outros usos (véxase *e/ou*), que non tería por que desestimarse para certas visibilizacións feminino-masculino.

Nunha segunda instancia, convén sinalar que a súa potencia visual se confronta a un perigo: acabarmos refrendando o feminino como o "elemento apéndice" ou dependente, reducido a unha simple flexión tras da barra.

Por esta razón, atendendo á forma da palabra, poderían contemplarse solucións como as seguintes:
-*secretaria/rio*
pero
-*director/ra.*

2.4.2. A arroba

Tod@s estades invitad@s...

Esta grafía (ou outras como o asterico * ou o *x*) utilízase con certa frecuencia para neutralizar a linguaxe sexista, en maior medida canto máis persoal e informal é o texto. Hai quen considera que esta grafía non soluciona o problema, mentres que hai quen ve nela unha achega novidosa e comprometida. Nos documentos institucionais non vén sendo contemplada esta solución.

2.5. Tratamento

Para referírmonos a alguén, partiremos de que a solución ideal é concordar o xénero da forma de tratamento co sexo da persoa a que faga referencia:

Dona Carme Regueira Branco

Se a identificación xenérica do destinatario non é posible, sempre podemos optar pola barra:

Dona/ don

Vellos usos que destacaban un tratamento distinto para a muller segundo o seu estado civil, considerados noutrora exemplos de cortesía, deben hoxe desestimarse. Aquilo que procuramos é o emprego dunha formulación paralela:

Sra. e Sr. ou *Dona/ don*

Se atendemos á presentación con nome e apelidos, observando o que a miúdo acontece no ámbito da linguaxe xornalística, sería recomendable prestar máis atención a xeitos de denominación simétricos:

Wilde – Virginia Woolf (→Wilde e Woolf ou *Oscar Wilde e Virginia Woolf)*
Sarkozy – Angela Merkel *(→ Sarkozy e Merkel* ou *Nicolas Sarkozy e Angela Merkel)*

2.6. Feminización das profesións

Na sociedade actual, atopamos *enxeñeiras, arquitectas, arqueólogas, xuízas*… As mulleres incorporáronse a determinados postos de traballo que antes estaban vedados para elas. As máis das veces, non existe ningún problema no sistema lingüístico para adaptar o léxico a estes cambios, como se vén observando nas últimas décadas.

Pagaría, no entanto, a pena prestar atención á diferenza de significado dalgúns duais aparentes: *muller pública, sarxenta, verduleira…* que se corresponden cunha visión negativa ou infravalorada.

Para demostrarmos as motivacións sociais do léxico e **a falta de arbitrariedade na construción da linguaxe**, poden observarse exemplos como *modisto*, que saltando a norma gramatical dos invariables rematados en *–ista*, formou un masculino en *–o*. O termo resultante designa ademais un chanzo de maior prestixio.

Foi onda a modista para axustar o traxe.
Rematou por se converter nun modisto recoñecido.

3. TRABALLANDO OS TEXTOS: CONSIDERACIÓNS SOBRE A NOSA PROPOSTA

O que será presentado a seguir pasa por ser unha recolla de consideracións desde o Servizo de Normalización Lingüística da USC. Tendo en conta as especificidades dos tipos de texto, presentaremos unha ou varias posibilidades de escolla con modelos que promovan a reflexión e nivel de implicación de quen redacta o texto.

A primeira consideración que pode facerse é que o formato de calquera tipo de texto debe estar destinado a facilitar a súa lectura. Xa que logo, diferentes tipos de texto demandarán diferentes solucións.

O segundo aspecto chave é considerarmos que calquera documento, pero principalmente os administrativos e as circulares, cartas xerais..., debería facer visible a muller **desde** o título e primeiros parágrafos. Esta solución, claro é, non implica unha invisibilización progresiva co avance do texto.

3.1. Texto normal

Coa etiqueta "texto normal" estamos a nos referir neste caso a construcións narrativas, descritivas e expositivas comúns.
Para estes textos propoñemos ter en conta as opcións que fomos salientando ao falarmos das "fórmulas para fuxir da linguaxe sexista" (epígrafe 2).

3.1.1. Vida universitaria

O propio devir da vida universitaria, coas súas necesidades comunicativas, produce constantemente textos. Neles, en todos os casos, deberá de aplicarse a regra a nivel "macro" da integración: o emprego duns mecanismos que fagan posible a reprodución da pluralidade real universitaria.

Igual que nas listaxes de persoal docente deberiamos citar axustando o grao profesional ao sexo do citado/a (epígrafe 2.6.):

Sabela Sampaio – Catedrática de Universidade

Tamén na formulación de enunciados de avisos, exames e información sobre as cualificacións debería visibilizarse a porcentaxe feminina do alumnado e ter en conta as saídas a posibles ambigüidades.

Para colaborar nos experimentos da enquisa, os alumnos da materia... deben presentar o conxunto de exercicios esta semana. → As alumnas e alumnos da materia...

No día proxectado para a vacinación no centro, faltaron moitos alumnos.

[Este plan de vacinación puido completarse igualmente, xa que podía estar dirixido só a mulleres e neste enunciado podemos entender que só os rapaces (homes) fallaron.]

3.2. Outros textos (tradicionais)

3.2.1. Textos normativos

Incluímos nesta epígrafe consideracións específicas para textos lexislativos, xurídicos, administrativos... que se caracterizan, en xeral, por evitaren unha redacción ambigua e por estaren inzados de axentes.

De acordo con estas particularidades, debería coidarse globalmente que as referencias en masculino quedasen reservadas para os casos nos que este colectivo é o único destinatario das medidas (ao falarmos da *Prestación de paternidade*, por exemplo). Algo semellante acontecería no caso do feminino (coa *Prestación de maternidade, Prestación de riscos durante o embarazo*...).

Consideramos que se poden utilizar as solucións ofrecidas no punto 2 deste documento para o "texto normal". En todo caso, vemos imprescindible asegurar a dobre flexión (2.3.) ou a representación inclusiva (2.1.) na primeira mención nominal.

> Do reitor ou reitora
> Artigo 84.º
> O reitor ou reitora é a máxima autoridade académica da universidade e ten a representación desta. O reitor poderá…

Débese ter presente que esta última solución non exime en absoluto da posible aparición de femininos ou dobres flexións no avance do texto.

3.2.2. Textos científicos

Os textos científicos (teses, artigos de revista, etc...) caracterízanse pola pretensión de precisión e universalidade. Neles, ademais da sinxeleza sintáctica débense evitar posibles ambigüidades. Sendo así, recomendamos un especial coidado no emprego de "universais" ou termos "naturalmente" inclusivos que poidan carrexar dúbidas ao lector (→a quen le):

O home tolera perfectamente a inxesta de 10 a 20 gramos de vitamina C...
→ O ser humano/ as persoas toleran...

[Se presentamos a primeira opción... é o ser humano o que tolera esa cantidade ou só o metabolismo masculino?]

3.2.3. Formularios (impresos, solicitudes...)

Un tipo de documento caracterizado pola petición esquemática de información podería tomar como recursos útiles

- a barra /
- as expresións breves que substitúen os termos marcados.

Así, por exemplo, nun impreso de matrícula da USC ou nun dos formularios que unha estudante que gozou da bolsa ERASMUS debe cubrir para valorar a súa experiencia, proporiamos:

Sr./ Sra. → Nome
Nado en... → Natural de
Domiciliado en... → Enderezo
Identificación do estudante → Identificación da/o estudante

3.2.4. Cartelaría

Os substantivos abstractos, xenéricos ou metonímicos son especialmente aproveitables para a cartelaría, pola súa adaptabilidade a distintas realidades. Referímonos, máis especificamente, á necesidade de sinalar con eles as oficinas ou gabinetes de cargos que, presentando variación masculino-feminino, rexistran unha mudanza habitual do axente:

Vicerreitor de Profesorado → Vicerreitoría de Profesorado
Xefe de Servizo de Alumnos → Xefatura do Servizo do Alumnado

3.3. Outros textos: os correos electrónicos

Partimos da consideración, xa consensuada nos inicios do mundo virtual (mediante o termo *Netiqueta*), de que os comportamentos do mundo tecnolóxico e, por extensión, a linguaxe, deben ser unha adaptación das regras de respecto e comunicación habituais.

Para os correos electrónicos así como para as cartas (formais, de presentación, de agradecemento, de solicitude, de invitación...) seguiranse, no que respecta ao saúdo inicial ou tratamento, as consideracións da epígrafe 2.5.

É claro que no ámbito dos correos electrónicos podemos diferenciar entre:

a) os que conservan as estruturas formais clásicas (carta...);
b) outros con estruturas menos fixadas, máis informais.

Non hai razóns para proscribir, neste último tipo, o emprego da arroba como fórmula de inclusión dos dous xéneros.

4. PARA UTILIZAR E SABER MÁIS...

AGULLÓ I GARCIA, F. XAVIER (2008): *Guía rápida para unha linguaxe non sexista* en http://sin-sexismos.blogresponsable.com/ [Última consulta: 28 de febreiro de 2011]

BRAVO SUESKUN, CARMEN (DIR.) E EVA ANTÓN FERNÁNDEZ (2010): *Guía para un uso del lenguaje no sexista en las relaciones laborales y en el ámbito sindical*. Madrid: Secretaría Confederal de la Mujer de CCOO. Dispoñible en http://www.uv.es/ccoo/ensedona/downloads/0007.pdf [Última consulta: 26 de maio de 2011]

J. LEÓN, LEONIDA (-): *Guía y recomendación para un uso no sexista del lenguaje*. Uruguay: Observatorio de género. Dispoñible en: http://www.ose.com.uy/descargas/observatorio/guia_recomendacion_para_uso_no_sexista_del_lenguaje.pdf [Última consulta: 26 de maio de 2011]

MEDINA GUERRA, ANTONIA M. (coord.) (2002): *Manual de lenguaje administrativo no sexista.* Málaga: Asociación de Estudios Históricos Sobre la Mujer (Universidad de Málaga) en colaboración coa Área de la Mujer (Ayuntamiento de Málaga). Dispoñible en: http://www.nodo50.org/mujeresred/manual_lenguaje_admtvo_no_sexista.pdf [Última consulta: 26 de maio de 2011]

MOSQUERA CARREGAL, XESÚS M. (2010): *Lingua e Xénero. VI Xornadas sobre Lingua e Usos.* A Coruña: Universidade da Coruña.

RODRÍGUEZ HEVIA, GLORIA (2003): *¿Qué es...? El lenguaje sexista. Construyendo contigo la igualdad.* Asturias: Consejería de la Presidencia, Instituto Asturiano de la Mujer en http://institutoasturianodelamujer.com/iam/wp-content/uploads/2010/02/IAM-U_210374_n2.pdf [Última consulta: 17 de xaneiro de 2011]

UNIVERSIDADE DE VIGO (2003): "Recomendacións para as marcas de xénero" en *Lingua galega: criterios lingüísticos.* Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, pp. 52-60, en http://anl.uvigo.es/UserFiles/File/manuais/Lingua_galega._Criterios_linguisticos.pdf [Última consulta: 15 de abril de 2011]

Exeria: Aplicación para unha linguaxe non sexista http://www.exeria.net/.

ANEXOS

1. Compilación de solucións segundo os tipos de texto

Tipos de texto	Razóns		Solucións				
	Ambigüidade	Ocultación	Xenéricos	Cambios redacción	Dobre flexión	/	@
Texto "formal"	•	•	X	X	X		
Textos legais	•	•	X	X	X		
Textos científicos	•	•	X	X	X		
Formularios		•	X	X		X	
Cartelaría		•	X				
Novos textos (correos-e)	•	•					X

• = Textos afectados
X = Solucións prioritarias

2. Listaxe de xenéricos e colectivos habituais

Formas xenericamente marcadas	Solucións
Home	*A persoa/ o ser humano/ a humanidade*
Os dereitos do home	*Os dereitos do ser humano*
Os adultos	*As persoas adultas/ a idade adulta*
Os brasileiros	*O pobo do Brasil*
O(s) inmigrantes	*A poboación inmigrante*
O(s) pilotos/ o(s) azafatos	*O persoal de voo/ de aviación/ os membros da tripulación*
O señor da limpeza	*O persoal de limpeza*
A(s) médica(s)/ o(s) enfermeiros	*O persoal médico/ o corpo médico*
Enfermeiro/s	*O persoal da saúde*
Matrona/s	*O persoal de obstetricia*
Encargado(s)	*A persoa encargada*
Alumno	*Alumnado/ estudantado/ estudante*
Funcionario	*Funcionariado*
Profesor	*Profesorado*
Nai/ pai	*Familia*
Cliente	*Clientela*
Competidor	*Competencia*
Consumidor	*Consumo*
Director	*Dirección*
Accionista	*Accionariado*
Traballador	*Persoal/ cadro de persoal/ persoas contratadas*
Amigo	*Amizades*
Adolescente(s)	*Adolescencia*
Vello(s)	*Vellez*
Mozo(s)	*Xuventude/ mocidade*
Veciño(s)	*Veciñanza*
Elector(es)	*Electorado*
Titor(es)	*Titoría*
Consultor(es)	*Consultoría*
Secretario(s)	*Secretaría*
Redactor(es)	*Redacción/ consello de redacción*
Notario(s)	*Notaría*
Ministro	*Ministerio*